



Bos días nenos e nenas!

Sabedes que se festexou  
este pasado domingo día  
17 de maio?

**Foi o día das Letras Galegas.**

Esta data conmemora a publicación do libro de Rosalía de Castro  
"Cantares Galegos" e lévase festexando dende 1963.

Cada ano, esta data, adícase a un autor o autor/a galego/a que  
coas súas obras ensalzan a nosa lingua, o galego.

Sabedes a quen se adica este ano?

**Pois a Ricardo Carvalho Calero**

Imos coñecelo...



Como sempre, os profes Víctor e Rosana

Dende a MATEFACTORÍA

Queremos ofrecervos un traballo  
ameno e creativo.

**MOITO ÁNIMO!!!!**

## 1.VIDA E OBRA DE RICARDO CARVALHO CALERO

O escritor Ricardo Carvalho Calero naceu o día 30 de outubro de 1910 na cidade de Ferrol, na Coruña. De pequeno estudou en Ferrol, nunha escola perto da súa casa. Ao acabar o bacharelato marchou a Compostela e alí estudou Dereito.

Foi membro do Seminario de Estudos Galegos. Alí, xunto con outros autores como Castelao, loitaron e defenderon a lingua galega.

Traballou escribindo para varias revistas en lingua galega, como: "A nosa terra" ou "Nós".

Escribiu moitos libros de poemas, teatro, relatos... Un deles, "As pitas baixo a choiva", dirixido aos pequenos, cóntanos un feito que lle pasou a Ricardo cando era pequeno e quería recoller as pitas que se estaban a mollar no patio: acabaron todos... mollados como pitos! Defendeu a idea de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.

Faleceu en Santiago de Compostela o 25 de marzo de 1990.

Este ano a Real Academia Galega adícalle o Día das Letras Galegas pola súa defensa do idioma galego e da nosa cultura.



1.Preguntas sobre a lectura:

a)En que cidade naceu o noso autor e en qué provincia? Fai un debuxo dun mapa de Galicia e sinala o seu lugar de nacemento.

b) Que estudou o noso autor cando foi a Santiago de Compostela? Sabes de que se trata esa carreira?

c) Que defendían os autores que pretendían ao Seminario dos Estudos Galegos?

d) Para que revistas escribía este autor?


e) Cantos anos tiña cando faleceu?

f) Calculamos? Ricardo Carvalho Calero naceu no ano 1910 e ingresou na Real Academia Galega en 1958. Cantos anos tiña nesa data?



De que crees que falaría o escritor nos artigos que escribía para estas revistas?


Imaxina e decora a portadas dunha das revistas das que fala o texto nas que escribía o noso autor. Non esquezas poñerlle o nome á revista para saber cal é!!!



Calculamos:

Se cada revista valía 1 euro dos nosos actuais céntimos, canto pagaría unha persoa que compraba a revista todas as semanas do mes? E durante dous meses? Debuxa as moedas.

Carvalho Calero foi mestre no instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Qué camino seguía cada mañán para chegar ata alí?



QUE LLE ENSINARÍA NO INSTITUTO CARVALHO CALERO AOS SEUS ALUMNOS DE LINGUA GALEGA? SERÍA UN TALLER COMO A FACTORÍA DE ROSALÍA? TI QUE CREES?

## 2. TRABALLAMOS SOBRE AS SÚAS OBRAS.

### OS CATRO

Dos meus irmáns, foi sempre Clara a que preferín. Tiña cinco anos menos ca min. Fora unha naipela moi linda, redonda, branca e vermella. O seu cabelo era tan roxo que semellaba branco. Era o espírito máis xentil da familia.

Estaba sempre leda: era moi agarimosa, aberta e rebuldeira.

Falaba moi asisadamente, e decatábase como unha persoa maior de todo o que acontecía arredor dela.




**PREGUNTAS:**

1. Cal era a irmá preferida de Ricardo?
2. Cantos anos menos tiña que Ricardo?
3. Cando Ricardo tiña 9 anos, cantos anos tería a súa irmá Clara?
4. Unha naipela é o mesmo que dicir, un bebé. Como era Clara de bebé ou naipela?

**ARRODEA AS 4 PALABRAS CORRESPONDENTES**

|        |       |          |        |        |
|--------|-------|----------|--------|--------|
| LINDA  | FORTE | REDONDA  | ALTA   | MORENA |
| BRANCA | GROSA | VERMELLA | RÁPIDA |        |

5. E, como estaba sempre Clara? Pinta ou sinala.





**Debuxa a Clara cando era unha naipela ou bebé tal como di o conto:**



6.- Como falaba Clara?

7.- Clara estaba sempre leda. Colorea a imaxe que sexa máis acaída, a que mellor a represente.



8.- No texto aparece o número 5. Conta de 5 en 5 dende o 200 ao 170.

|     |  |  |  |  |  |     |
|-----|--|--|--|--|--|-----|
| 200 |  |  |  |  |  | 170 |
|-----|--|--|--|--|--|-----|

9.- Unha nai ten 28 anos e o seu fillo ten 5. Cantos anos se levan?





Nós imaxinamos así a Clara, a irmá de Ricardo....pero só nos sae a metade da cara...

PODES COMPLETAR A OUTRA DEBUXÁNDOA?



**REMATAMOS!!!!**

**ESPERAMOS COMA SEMPRE QUE O PASARADES**

**BEN COAS NOSAS PROPOSTAS.**

**SE QUERES TRABALLAR SOBRE ALGÚN TEMA QUE  
CHE GUSTE, PODES DICIRNOLO, E  
ORGANIZAMOS ALGUNHA ACTIVIDADE**



**BICOS A MONTES E MOREAS!!!**

**ROSANA E VICTOR DENDE A MATEFACTORÍA**